

PELÍCULAS



VACACIONES



« Para viaxar lonxe, non hai mellor nave que un libro» Emily Dickinson.

IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605

<http://www.edu.xunta.es/centros/iespontepedrina/>
Pedriñas blog do ENLD www.blogoteca.com/pedrinhas

GUÍA DE LECTURAS VACACIÓNS DE VERÁN CURSO 2015-2016


BIBLIOTECA
IES PONTEPEDRIÑA



«O que le moito e anda
moito, ve moito e sabe
moito»

Miguel de Cervantes

VACACIÓNS 1º - 2º ESO



Estamos no ano 50 a.C. Toda a Galia está ocupada polos romanos... Toda? Non! Unha aldea poboada por irredutibles galos aínda segue resistindo o invasor. E a vida non é doada para as gornicións de lexionarios romanos nos reducidos campamentos. Nesta ocasión, por mor dunha aposta, os nosos heroes deben percorrer a Galia e regresar cunha especialidade culinaria de cada rexión. Conseguirano?

Nos últimos anos o traballo de Luís Davila foi acadando máis e máis repercusión, debido ao seu talento, por suposto, pero tamén a unha acertada presenza nas redes sociais e a estar aberto a iniciativas tan variadas como realizar un espectáculo co actor Carlos Blanco ou colaborar cunha coñecida marca de camisolas. Por isto non é raro que o propio autor decidira autoeditar as súas tiras en catro tomos.




Violeta é unha adolescente que vive cos seus avós nunha botica. Os tres están convencidos de que ninguén máis ca eles coñece o segredo que agochan desde hai décadas: ela e a súa avoa pertencen a esa estirpe de mulleres metade humanas, metade planta. Coa chegada do escritor Jules Verne á cidade, iníciase unha aventura na que hai submarinos, iates a vapor e estrañas criaturas con alma de planta.

VACACIÓNS 3º - 4º ESO



O físico e comunicador científico Jorge Mira realiza unha apaixonante viaxe no tempo dende a época da Grecia clásica ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo. Se algunha vez vos preguntastes por que o ceo é azul, como sabemos a distancia que hai ata a lúa ou o sol ou cal é a idade do universo atoparedes a resposta e moitas outras lendo este libro


Ano 2014, traballadores relacionados coa banca son asasinados. Nun escenario onde os altos cargos que levaron o país á quebra son recompensados con indemnizacións millonarias, e a cidadanía sofre as consecuencias da fraude bancaria pola venda de accións preferentes, a Inspectora Tabares e o inspector Sotillo deben descubrir que relación existe entre os crimes recentes e a crise financeira.



Cando a señora Chismes, a veciña do segundo, chamou á miña porta, eu pensei que o que viña buscando era o meu amor. Ou un pouco sal... Pero polo visto o asunto non ía por aí. En lugar do desexo ardente de verme en roupa interior, o que aquela muller traía na cabeza eran dúas cousas ben distintas: demasiada colonia barata, e a intención de enlamear no maior roubo do século. É a historia dun grupo de xente decidida a todo, convencida de que o mellor que poden facer para saír do desastre en que a crise converteu as súas vidas é dar un golpe definitivo.



VACACIÓNS BACHARELATO



Un escritor obsesionado con David Goodis emprende a redacción dunha biografía novelada do autor norteamericano. Unha novela ategada de homenaxes literarias pero onde tamén aparecen policías corruptos ou traficantes de droga, en escenarios tan distantes como as rúas de Ourense ou a Filadelfia natal de Goodis. Unha novela negra moi singular.

Masculino singular é unha refutación do macho alfa que destrúe os afectos e converte o terror en linguaxe dominante, un diario íntimo que reclama a tenrura nunha revolución de magnolias, que se constrúe máis alá do propio texto, naqueles espazos sociais onde algúns homes aprenden unha lingua sen sufixos de exterminio. Porque nada semella máis urxente que procurar unha saída dese templo onde a virilidade segue a ser o valor máis sagrado da tribo.



Unha muller é sorprendida pola chegada da policía á súa casa para deter o seu home, un político, por un presunto delito de abusos sexuais de menores, o que provoca o conflito psicolóxico da muller que empeza a dudar se coñecía realmente ao home. A profundidade do conflito psicolóxico e a sutileza con que a novela trata temas de como os abusos sexuais e a corrupción política ofrecen unha historia que aborda, desde a denuncia social e a intriga, un tema pouco frecuente na literatura galega.